

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Resolución do 4 de abril de 2011, da Dirección Xeral de Comercio, pola que se convocan as eleccións para a renovación de vogais da Comisión Galega de Artesanía que representan os artesáns e artesás de cada provincia inscritos/as na sección terceira do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.*

A Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, establece o marco legal de actuación do sector artesanal de Galicia, e prevé no seu articulado a creación da Comisión Galega de Artesanía, integrada, entre outros membros, por catro representantes elixidos entre todos os artesáns e as artesás inscritos/as na sección terceira do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. Chegado a termo o período de representación para o cal foron nomeados, procede convocar o proceso electoral para a renovación dos ditos vogais.

A Orde do 10 de febreiro de 2011, de modificación da Orde do 1 de febreiro de 2005, pola que se regula o procedemento de elección para a renovación de vogais da Comisión Galega de Artesanía que representan os artesáns e as artesás inscritos/as na sección terceira do Rexistro Xeral de Artesanía, establece no seu artigo 3º que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, determinar a apertura do proceso electoral, así como os lugares e os prazos en que estará exposto o censo electoral.

O Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía, no seu artigo 2º determina en catro o número de membros da Comisión Galega de Artesanía que representan os artesáns e as artesás inscritos/as na sección terceira do dito rexistro.

De acordo co artigo 3º do Decreto 218/2001, os artesáns e as artesás de cada provincia, inscritos/as na sección correspondente do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, designarán por elección democrática un vogal da comisión, e a teor do artigo 4º da referida normativa, unha vez finalizado o prazo de 4 anos, procederase á renovación dos referidos vogais.

Por todo o anterior, e en uso das competencias que esta dirección xeral ten atribuídas no Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria,

## DISPOÑO:

Primeiro.-Convocar as eleccións para a renovación de vogais da Comisión Galega de Artesanía que representan os artesáns e as artesás inscritos/as na sección terceira do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Segundo.-O censo electoral estará exposto, a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución e durante un prazo de dez (10) días, no taboleiro de anuncios dos servizos centrais da Consellería de Economía e Industria, na páxina web oficial da consellería (<https://economiaeindustria>), na súa epígrafe de normativa, e no taboleiro de anuncios das respectivas xefaturas territoriais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra (respecto das presentacións das reclamacións e a resolución destas, seguiranse os prazos previstos na Orde do 10 de febreiro de 2011).

Terceiro.-Os electores e electoras exercerán o dereito de sufraxio pola provincia en que se encontren inscritos/as no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2011.

María Nava Castro Domínguez  
Directora xeral de Comercio

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Corrección de erros.-Orde do 18 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e do Programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.*

Advertidos erros na citada orde, publicada no DOG nº 63, do 30 de marzo de 2011, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 5.504, na disposición adicional sexta onde di: «12.04.322C.470.6, código de proxecto 2011 00628 650.000,00», debe dicir: «12.04.322C.472.6, código de proxecto 2011 00628 650.000,00».

Na páxina 5.513 o ANEXO IV-A e na páxina 5.533 o ANEXO XIV deben substituírse polos que se publican con esta corrección.